

## **SINATURA DO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL “EDUCANDO NA BIOSFERA 2018/2019” NO CONCELLO DE SADA**

DATA: MARTES 16 DE OUTUBRO DE 2018.

HORARIO ROLDA DE PRENSA: 13.00 HORAS.

DURACIÓN: 45 minutos.

LUGAR: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE SADA (Edificio Axudantía de Marina).

DESENVOLVEMENTO DO EVENTO:

- 1.- Sinatura do Convenio de Colaboración co Concello de Sada para a execución neste Concello do Programa “Educando na Biosfera” durante o curso académico 2018/2019.
- 2.- Presentación do Programa ós medios de comunicación.

COMPARTIRÁ MESA CON:

- D. Óscar Benito Portela Fernández. Alcalde do Concello de Sada.
- D. Xosé Lois Suárez Becerra. Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada.

PARTICIPARÁN OS DIRECTORES/AS DOS CENTROS EDUCATIVOS:

- Dna. Natalia María Seguí Mosquera. Directora do IES Mosteirón.
- Dna. María Sol Doval Casal. Directora do IES Isaac Díaz Pardo.
- Dna. Silvia Abrodos Insua. Directora do CEIP Plurilingüe O Mosteirón.
- D. Miguel Ángel Gayoso Barreiro. Director do CEIP “Sada y Contornos”.
- D. Odilo Airas López. Director do CEIP Pedro Barrié de la Maza.

## IDEAS FORZA (ROLDA DE PRENSA):

- 1.- **Agradecer ó Concello de Sada** pola súa implicación continua coa Reserva de Biosfera e por intentar mellorar ano a ano, o Programa de Educación Ambiental que a Reserva de Biosfera leva a cabo neste Concello.
  
- 2.- **Agradecemento ós distintos directores e directoras dos centros educativos participantes**, polo seu compromiso en dar a coñecer a figura de Mariñas Coruñesas e acerca-la ó seu alumnado e profesorado.
  
- 3.- Trátase dun **programa educativo eminentemente práctico**, que trata de reforzar e complementar os coñecementos teóricos desenvolvidos nas aulas.
  
- 4.- **Consólídase a participación de TODA a comunidade educativa do Concello de Sada**, a cal participará integramente neste Programa, de **75 horas totais**, que inclúen a **alumnado de educación primaria, secundaria e bacharelato** de cinco centros diferentes.
  
- 5.- Respecto ó Programa do ano pasado, **incrementáronse e diversificáronse as temáticas** que se ofrecen ós centros, **amentouse o número** de alumnos/as e de **aulas participantes en cada centro educativo**, así como **melloráronse as experiencias prácticas, materiais e visitas demostrativas que ofrece o Programa**.

6.- Desde “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” estamos **convencidos da importancia de sensibilizar e educar en valores a toda á sociedade, pero especialmente á xuventude.** E é aí onde afondaremos, **buscando vixiantes ambientais da Biosfera nos centros educativos.**

7.- Vemos que **é necesario continuar e incrementar o traballo neste eido, permitindo que a Reserva de Biosfera conviva cos cidadáns dende a súa primeira etapa educativa,** máis adiante como unha ferramenta que poida servirles para o complemento da súa formación e a mellora da súa inserción laboral; permitíndolles tamén formar parte dun equipo de voluntariado que traballa a prol da mellora ambiental, así como dándonos a coñecer como unha entidade que tamén promove o emprego e o emprendemento no territorio.

Para conseguir todo isto, **é fundamental empezar desde abaixo,** dende os máis cativos, sensibilizándoos en materia ambiental para lograr que nun futuro a sociedade persiga a sustentabilidade e que coas súas actuacións non comprometa as xeracións futuras.

8.- Aínda que vamos pouco a pouco implantando este Programa, co obxectivo de sentar unhas bases sólidas tamén no eido da educación ambiental, **agardamos que outros Concellos da Reserva de Biosfera se sumen e sigan o exemplo do Concello de Sada, promovendo este tipo de programas e actividades nos seus territorios.**

9.- **Programa referente.** Representantes da UNESCO (entre eles, M<sup>a</sup> Rosa Cárdenas Tomazic, da Secretaría do Programa MaB) resaltaron o Programa de Educación Ambiental desta Reserva de Biosfera como **pioneiro e innovador, extrapolable a outras áreas a nivel mundial.** E por outro lado, actualmente outras Reservas de Biosfera españolas están a mostrar o seu interese para tratar de implantar este Programa nos seus respectivos territorios.

Nada máis, agardo que este Programa de Educación Ambiental será todo un éxito, e estou convencido de que así o veremos no mes de maio, cando o alumnado nos expoña os seus traballos con motivo do VI Aniversario dende a declaración pola UNESCO como Reserva de Biosfera “*Mariñas Coruñas e Terras do Mandeo*”.